



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE XUÑO DE 2010.

---Contrato: DE SERVIZOS DE “REDACCIÓN DO PLAN DE ESTRADAS DO CONCELLO DA ESTRADA”.

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 14 DE XUÑO DE 2010

“Vista a proposta da Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo, relativa á adxudicación provisional do contrato de servizos “Redacción do Plan de Estradas do Concello da Estrada”.

Visto o expediente tramitado para a contratación dos devanditos servizos.

Visto que, dentro de prazo, presentaron solicitudes de participación ás empresas ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador, xunto coa súa oferta.

Visto o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico municipal o 03-06-10, requirido aos efectos de valorar se a oferta realizada polo licitador incorría en baixa temeraria, concluíndo que “a oferta económica non fai perigar a execución, xa que a empresa conta con suficientes medios tanto persoais como técnicos”.

Visto o escrito presentado por ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. de data 01-06-10, no que se ratifica na súa proposta técnica e económica, comprometéndose sen reserva algunha ao cumprimento do Prego de Bases do Concurso.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de 04-06-10.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007; e Decreto de Delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos de “REDACCIÓN DO PLAN DE ESTRADAS DO CONCELLO DA ESTRADA” por importe de 20.000,00 € (IVE incluído), á empresa ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. (CIF B15080849), con enderezo en Glorieta de América nº 5, 1º - 15004 A Coruña, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provincial ou nacional.
- Certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente coas súas obrigas tributarias para co Concello da Estrada.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación (excluído o IVE).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- O traballo entregarase redactado na lingua galega como mínimo e en todo caso. Ou ben, tanto en lingua galega como en castelán.

4º.- Notifíquese o presente Acordo ao licitador e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 14 de xuño de 2010.
A Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo.

Raquel López Doce.